

INSCRICIÓN

Podes atopar o impreso de inscrición, en www.gaiteirosgalegos.com ou solicitalo á oficina da AGG. Este deberá ser enviado debidamente cumprimentado, á Secretaría Técnica do Congreso, xunto co xustificante do pago bancario. Pódese facer o envío a través do correo postal ou ao enderezo electrónico secretaria@gaiteirosgalegos.com

Tamén é posible facer a inscrición vía internet a través das páxinas dos colaboradores www.as-pg.com ou www.cig-ensino.com no apartado de Formación.

O prazo de inscrición rematará o día 23 de Outubro ou cando se complete o aforo. En tal caso, aplicarase o criterio de orde temporal de recepción de solicitudes de inscrición.

Prégase comprobar a dispoñibilidade de prazas e aceptación da solicitude antes de facer o pago da inscrición.

PREZO DA MATRÍCULA

Estudantes e/ou asociados da AGG, AS-PG ou afiliados á CIG : 20 Euros
Outros: 40 Euros
Para poder beneficiarse dos descontos da matrícula é preciso acompañar á documentación requirida, un xustificante que acredite dita condición.

FORMA DE PAGO

Ingreso ou transferencia bancaria a nome da Asociación de Gaiteiros Galegos no número de conta: 0182-0638-90-0200016989 (BBVA) indicando no concepto: "IV Congreso" e o nome completo da persoa.

SECRETARÍA TÉCNICA

Asociación de Gaiteiros Galegos
Rúa Alfonso XIII, 7 - Oficina 8.
36002 Pontevedra.
www.gaiteirosgalegos.com
Teléfono de contacto: 986 847 074
Correo electrónico: secretaria@gaiteirosgalegos.com

HOMOLOGACIÓN

Está en tramite a validación deste Congreso por un credito de libre configuración para todas as titulacións nas Universidades de Vigo e A Coruña .
Solicitada homologación á Consellería de Educación por 19 horas lectivas.

SEDE

Auditorio da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo.
Avda. Carballo Calero, s/n.
27002 Lugo



Asociación de Gaiteiros Galegos



Congreso de ensinantes de Música Tradicional Galega

30, 31 de Outubro, 1 de Novembro de 2009
Auditorio da Facultade de Veterinaria
- Lugo -

Asociación de Gaiteiros Galegos
www.gaiteirosgalegos.com

Organizan:



Asociación de Gaiteiros Galegos



Colexio de Instrumentos Galegos

Colabora:



Universidade de Lugo

Patrocinan:



Asociación de Profesores de Música Tradicional Galega



Deputación de Lugo
RESPONSABILIDADE PRIMEIRA



Deputación de Lugo
Cultura

Calquera cultura que queira gozar de boa saúde haberá de preocuparse de ter presenza nos distintos ámbitos educativos, para facer chegar a súa historia e costumes dun xeito natural dende os primeiros anos, fomentando actitudes de respecto e valoración da mesma. Estamos a falar tanto do ensino obrigatorio, xa sexa público ou privado, como das universidades, escolas de música, conservatorios e todos aqueles lugares onde se produce un intercambio de coñecementos. Dende a Asociación de Gaiteros Galegos coidamos imprescindible e necesario este proceso de transmisión, que constitúe o principal garante, non soamente da conservación das nosas tradicións, senón da súa utilidade na sociedade actual.

Este IV Congreso pretende ofrecer aos asistentes coñecementos e recursos para o ensino da música tradicional nos diferentes ámbitos educativos, pero sobre todo, pretende concienciar da importancia que ten utilizalos. Porque nos máis novos está o futuro e haberemos de saber como achegarlles tan importante legado para que o recoñezan come seu.

PROGRAMA

VENRES 30 de Outubro

TARDE 16.00 HA 21.30 H

16.00 h Recepción e reparto de material.

16.40 h Acto de apertura do "IV Congreso de ensinantes de música tradicional galega".

17.00 h - 18.15 h I RELATORIO. "O Proxecto Ronsel. Unha iniciativa para a salvagarda e posta en valor do Patrimonio Cultural Inmaterial Galego. Accións encamiñadas ao sistema educativo". Iván Area.

18.15 h - 18.45 h DESCANSO.

18.45 h - 20.00 h II RELATORIO. "O Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI). Museo do Pobo Galego". Concha Losada e Sergio de la Ossa.

20.00 h - 21.30 h I MESA REDONDA "O patrimonio cultural inmaterial galego. Propostas de estudo, conservación e transmisión da música tradicional". Iván Area (Proxecto Ronsel), Concha Losada e Sergio de la Ossa (APOI), Arquivo Sonoro de Galicia.

SÁBADO 31 de Outubro

MAÑÁ DE 10.00 HA 14.00 H

10.00 h - 11.15 h III RELATORIO. "A Música Tradicional ao longo do ano". Clodio González.

11.15 h - 12.00 h I COMUNICACIÓNS.

12.00 h - 12.20 h DESCANSO.

12.20 h - 14.00 h I OBRADOIRO. "Contos con música tradicional". Kalandraka.

TARDE DE 16.00 HA 20.30 H

16.00 h - 18.00 h Emisión en directo do Congreso a través do programa da Radio Galega "Lume na Palleira".

- Presentación de obxectivos e contidos do Congreso. Santiago Caneiro.
- Especial Recuncho da Palleta. Pablo Díaz e Pablo Carpintero.

17.00 h - 18.30 h CONCERTO DIDÁCTICO. "A percusión tradicional de man". Xabier Díaz.

18.30 h - 19.00 h DESCANSO.

19.00 h - 20:30 h II OBRADOIRO. "Vivindo a música tradicional a través do corpo". Susa Herrera.

DOMINGO 1 de Novembro

MAÑÁ DE 10.00 HA 14.00 H

10.00 h - 11.15 h IV RELATORIO. "Grupo Leticia: Unha experiencia musical na escola". Xosé Lastra.

11.15 h - 12.00 h II COMUNICACIÓNS.

12.00 h - 12.20 h DESCANSO.

12.20 h - 14.00 h III OBRADOIRO. "Baile tradicional para os máis novos". Pesdelán.

TARDE DE 16.00 HA 19.00H

16.00 h - 17.15 h V RELATORIO. "O Patrimonio lúdico galego. O Xogo dentro da Oralidade". Rosa Mª Vicente (Brinquedia).

17.15 h - 18.45 h II MESA REDONDA. "A memoria da tradición: Mestres Gaiteros". Manuel Enríquez "Nela", Rubén González, Xosé Manuel Seivane.

18.45 h - 19.00 h CONCLUSIÓNS E CLAUSURA do IV Congreso de ensinantes de música tradicional galega.